

Decreto 118/2016, do 4 de agosto, polo que se crea o Instituto Galego do Consumo e da Competencia e se aproban os seus estatutos

Última versión

## MODIFICACIONES

Lei 10/2023, do 28 de decembro

Artigo 26 apartado 2 letra l) nova redacción por artigo 48 apartado un.

Artigo 31 nova redacción por artigo 48 apartado dous.

Lei 5/2024, do 27 de decembro

Artigo 28 apartado 2 nova redacción por artigo 100.

O artigo 51 da Constitución de 1978 establece que os poderes públicos garantirán a defensa das persoas consumidoras e usuarias, protexendo, mediante procedementos eficaces, a seguridade, a saúde e os lexítimos intereses económicos destas e que promoverán a información e a educación das persoas consumidoras e usuarias, fomentarán as súas organizacións e oírán estas nas cuestións que poidan afectar aqueles, nos termos que a lei estableza.

Pola súa banda, no artigo 38 da Constitución recoñécese o sistema de libre empresa no marco da economía de mercado e precisa que os poderes públicos protexerán o seu exercicio.

A vinculación das competencias entre a defensa do consumidor e a defensa da competencia recollíanse xa na Lei 1/2011, do 28 de febreiro, reguladora do Consello Galego da Competencia, ao indicar que a competencia é un elemento básico para o avance das economías de mercado modernas. O seu estímulo ocasiona unha mellor asignación de recursos e favorece as forzas dinámicas do mercado, de modo que se fortalece a eficiencia económica e aumenta o benestar das persoas consumidoras e usuarias de bens e servizos. En última instancia, a competencia induce a unha maior produtividade e competitividade do tecido económico e, polo tanto, a un maior desenvolvemento económico e social.

No ámbito da Unión Europea, o Tratado constitutivo da Unión Europea establece no seu artigo 4 que os Estados membros instaurarán unha política económica que debe aplicarse



respectando o principio dunha economía de mercado aberta e de libre competencia, e nos artigos do 81 ao 89 considéranse as liñas básicas do sistema de defensa da competencia que se aplica na Comunidade Europea.

Esta vinculación das competencias entre a defensa do consumidor e o funcionamento do mercado interior a nivel europeoponse de manifesto en diferentes normas. Poden citarse, a título de exemplo, as consideracións 3 e 4 da Directiva 2011/83/EU, do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de outubro, sobre os dereitos dos consumidores, onde se indica que o artigo 169, número 1 e número 2, letra a), do Tratado de funcionamento da Unión Europea (TFUE) establecen que a Unión contribuirá a que se alcance un alto nivel de protección dos consumidores mediante as medidas que adopte en virtude do seu artigo 114 e que, segundo o artigo 26, número 2 do TFUE, o mercado interior debe comprender un espazo sen fronteiras interiores no cal están garantidas a libre circulación de mercadorías e servizos e a liberdade de establecemento.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 30.l.4, outorga competencias exclusivas sobre comercio interior e defensa do consumidor e do usuario, sen prexuízo da política xeral de prezos e da lexislación sobre defensa da competencia.

Como consecuencia desa competencia exclusiva en materia de defensa do consumidor e do usuario, por medio da Lei 8/1994, do 30 de decembro, creouse o Instituto Galego de Consumo, que exerce no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia as devanditas competencias de defensa do consumidor, ratificado na disposición adicional segunda da Lei 2/2012, do 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias.

En canto ás competencias da Comunidade Autónoma en materia de defensa da competencia, estas derivan da Sentenza do Tribunal Constitucional do 11 de novembro de 1999, que recoñece de modo explícito a competencia executiva das comunidades autónomas con competencias en materia de comercio interior para aplicar no seu territorio as normas de defensa da competencia no que se refire ás condutas que teñan ou poidan ter efectos restritivos sobre a libre concorrència nos mercados. Esa sentenza tivo a súa plasmación normativa na Lei 1/2002, do 21 de febreiro, de coordinación das competencias do Estado e das comunidades autónomas en materia de defensa da competencia, na cal se estableceron os mecanismos procedementais para que as comunidades autónomas puidesen exercer esas competencias executivas, así como os puntos de conexión na repartición de expedientes coas institucións do Estado nesta materia.

Facendo uso desas competencias promulgouse a Lei 6/2004, do 12 de xullo, reguladora dos órganos de defensa da competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, que foi substituída pola Lei 1/2011, do 28 de febreiro, reguladora do Consello Galego da Competencia.

Partindo desta situación organizativa, a Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, no seu artigo 38, autoriza a creación do Instituto Galego do Consumo e da Competencia como organismo autónomo adscrito á consellería competente en materia de consumo, que terá como fins xerais e obxectivos básicos a defensa, protección, promoción e información dos dereitos das persoas consumidoras e usuarias, e a garantía,



promoción e preservación dunha competencia efectiva nos mercados no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, na perspectiva de conseguir a máxima eficiencia económica e a protección e o aumento do benestar dos consumidores e consumidoras.

Tendo en conta esta autorización, a través do presente decreto procédese á creación do Instituto Galego do Consumo e da Competencia e á aprobación dos seus estatutos.

Na súa virtude, por proposta conxunta do conselleiro de Facenda e do conselleiro de Economía, Emprego e Industria, co referendo do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do catro de agosto de dous mil dezaseis,

DISPOÑO:

### **Artigo único. Creación e aprobación de estatutos**

En virtude da autorización contida no artigo 38 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, créase o Instituto Galego do Consumo e da Competencia e apróbanse os seus estatutos, cuxo texto se inclúe a seguir.

### **Disposición adicional primeira. Integración do Instituto Galego de Consumo e o Consello Galego da Competencia**

1. O Instituto Galego de Consumo e o Consello Galego da Competencia quedan integrados dentro do Instituto Galego do Consumo e da Competencia que, de acordo co establecido no número 2 do artigo 38 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, asumirá os medios persoais e materiais e as competencias que na actualidade corresponden ao Instituto Galego de Consumo e ao Consello Galego da Competencia, que se suprimirán no momento da súa entrada en funcionamento, sen que supoña incremento ningún de gasto público.

2. O Instituto Galego do Consumo e da Competencia realizará o primeiro inventario dos bens que se lle adscriban e dos que poida adquirir para o inicio da súa actividade antes de que transcorra un ano desde a súa posta en funcionamento.

### **Disposición adicional segunda. Persoal**

1. De acordo co establecido na disposición anterior, o persoal funcionario de carreira e o laboral fixo que preste os seus servizos no Instituto Galego de Consumo e no Consello Galego da Competencia pasará a desempeñar postos de traballo no Instituto Galego do Consumo e da Competencia e a prestar servizos nel como persoal funcionario, na mesma situación en que se encontraba, ou como persoal laboral destinado no instituto, con efectos desde a data da súa entrada en funcionamento e con recoñecemento da súa antigüidade e de todos os seus dereitos adquiridos e que poidan corresponderlles.



Ao persoal a que se refire o parágrafo anterior recoñéceselle no Instituto Galego do Consumo e da Competencia o tempo e a situación en que permaneza nela para os efectos de antigüidade, carreira profesional e demais dereitos inherentes á súa condición, de conformidade co que se estableza na normativa aplicable para cada persoal e sen que isto supoña diferenzas respecto ao resto do persoal da Xunta de Galicia.

2. O persoal funcionario interino que preste servizos no Instituto Galego de Consumo e no Consello Galego da Competencia pasará a desempeñar postos de traballo no novo instituto e a prestar os seus servizos nel como persoal funcionario interino.

### **Disposición adicional terceira. Inicio da actividade do Instituto Galego do Consumo e da Competencia**

O inicio da actividade do Instituto Galego do Consumo e da Competencia producirase coa celebración da sesión constitutiva do seu Consello Reitor, que terá lugar no prazo de seis meses desde a entrada en vigor deste decreto.

### **Disposición adicional cuarta. Referencias ao Instituto Galego do Consumo e ao Consello Galego da Competencia**

As referencias ao Instituto Galego de Consumo e ao Consello Galego da Competencia deberán entenderse realizadas ao Instituto Galego do Consumo e da Competencia desde o inicio da súa actividade, de acordo co establecido nos seus estatutos.

### **Disposición transitoria primeira. Relacións de postos de traballo do Instituto Galego do Consumo e da Competencia**

Ata a elaboración e aprobación da relación de postos de traballo inicial do Instituto Galego do Consumo e da Competencia, de persoal funcionario e laboral manteranse as relacións de postos de traballo do Instituto Galego de Consumo e do Consello Galego da Competencia coas dotacións existentes no momento da creación do instituto.

### **Disposición transitoria segunda. Adscrición provisional**

1. A actual persoa titular da Presidencia do Instituto Galego de Consumo pasará a desempeñar as funcións de Dirección do Instituto Galego do Consumo e da Competencia a partir do inicio da actividade deste.

2. A actual persoa titular da Xerencia do Instituto Galego de Consumo pasará a desempeñar as funcións da Xerencia do Instituto Galego do Consumo e da Competencia a partir do inicio da actividade deste.



3. A actual persoa titular da Presidencia do Consello Galego da Competencia pasará a desempeñar as funcións da Presidencia da Comisión Galega da Competencia a partir do inicio da actividade deste e ata a finalización do seu actual mandato.
4. Os actuais vogais do Consello Galego da Competencia pasarán a desempeñar as funcións de vogais da Comisión Galega da Competencia a partir do inicio da actividade desta e ata a finalización do seu actual mandato.
5. A actual persoa titular da Subdirección de Investigación do Consello Galego da Competencia pasará a desempeñar as funcións da Subdirección Xeral de Investigación da Comisión Galega da Competencia a partir do inicio da actividade deste.
6. As persoas titulares dos servizos extintos do Instituto Galego de Consumo pasarán a desempeñar as súas funcións nos correspondentes do novo organismo que se crea neste decreto a partir do inicio da actividade deste.

### **Disposición transitoria terceira. Réxime transitorio dos procedementos**

Os expedientes iniciados polo Instituto Galego de Consumo e polo Consello Galego da Competencia con anterioridade á posta en funcionamento do instituto e non resoltos na citada data, relativos a ámbitos de competencia asignados ao novo Instituto Galego do Consumo e da Competencia polo estatuto que aproba este decreto, resolveraos o órgano competente do instituto de acordo coa atribución do exercicio de competencias establecidas polo seu estatuto.

### **Disposición derogatoria única. Normas derogadas**

No momento en que se produza a posta en funcionamento do Instituto Galego do Consumo e da Competencia, quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste decreto e de forma específica:

O Decreto 329/1995, do 21 de decembro, polo que se desenvolve a Lei 8/1994, do 30 de decembro, de creación do Instituto Galego de Consumo.

O número 3 do artigo 2, as letras a), b) e c) do número 2.B) do artigo 3 e o número 2 do artigo 4 do Decreto 232/2006, do 23 de novembro, polo que se distribúe a competencia para o exercicio da potestade sancionadora entre os órganos da Consellería de Innovación e Industria e se determinan normas de tramitación dos procedementos sancionadores nas materias da súa competencia.

O Decreto 60/2011, do 17 de marzo, polo que se desenvolve a estrutura organizativa do Consello Galego da Competencia.



O Decreto 184/2011, do 15 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica do Instituto Galego de Consumo.

## **Disposición derradeira primeira. Modificación do Decreto 129/2015, do 8 de outubro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia**

1. Modifícase a letra b) do artigo 2 do Decreto 129/2015, que queda coa seguinte redacción:

«b) Quedan adscritos a esta consellería:

1. O organismo autónomo Instituto Galego de Estatística.
2. O ente público Centro Informático para a Xestión Tributaria Económico-Financeira e Contable.
3. A Axencia Tributaria de Galicia.
4. O Consello Económico e Social, ente institucional de dereito público, órgano consultivo, creado pola Lei 6/1995, do 28 de xuño».

2. Modifícase a letra b) do artigo 5 do Decreto 129/2015, que queda coa seguinte redacción:

«b) Quedan adscritos a esta consellería:

1. A Axencia Galega de Innovación.
  2. O ente público Instituto Galego de Promoción Económica.
  3. O organismo autónomo Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral.
  4. O organismo autónomo Instituto Galego do Consumo e da Competencia.
  5. O ente público Instituto Enerxético de Galicia.
  6. O Consello Galego de Relacións Laborais, ente institucional de dereito público, consultivo, creado pola Lei 5/2008, do 23 de maio».
3. A citada modificación entrará en vigor ao inicio da actividade do Instituto Galego do Consumo e da Competencia.

## **Disposición derradeira segunda. Modificación do Decreto 175/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía, Emprego e Industria**



1. Modifícase o parágrafo segundo da parte expositiva do Decreto 175/2015, que queda coa seguinte redacción:

«Posteriormente, a través do Decreto 129/2015, do 8 de outubro, fíxase a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia e, no seu artigo 5, en relación coa Consellería de Economía, Emprego e Industria, a dita consellería estrutúrase nos seguintes órganos superiores e de dirección: a Secretaría Xeral Técnica, a Dirección Xeral de Enerxía e Minas, a Dirección Xeral de Comercio, a Secretaría Xeral de Emprego e a Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral. Quedan adscritos a esta consellería a Axencia Galega de Innovación, o ente público Instituto Galego de Promoción Económica, o organismo autónomo Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral, o organismo autónomo Instituto Galego do Consumo e da Competencia, o ente público Instituto Enerxético de Galicia e o Consello Galego de Relacións Laborais, ente institucional de dereito público, consultivo, regulado pola Lei 5/2008, do 23 de maio».

2. Modifícase a letra a) do artigo 1 do Decreto 175/2015, que queda coa seguinte redacción:

«a) O exercicio das competencias e funcións nos ámbitos da promoción e dinamización da economía, investigación, desenvolvemento e innovación, industria, seguridade industrial, metroloxía, metais preciosos, enerxía, minas e recursos minerais, artesanía, comercio interior e exterior, consumo e defensa da competencia, así como a planificación, en colaboración coa consellería competente en materia de vivenda e solo, e das infraestruturas dos servizos empresariais do solo industrial».

3. Modifícanse os números 1 e 2 do artigo 3 do Decreto 175/2015, que quedan coa seguinte redacción:

«1. Quedan adscritas a esta consellería as seguintes entidades:

a) A Axencia Galega de Innovación.

b) O ente público Instituto Galego de Promoción Económica.

c) O organismo autónomo Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral.

d) O organismo autónomo Instituto Galego do Consumo e da Competencia.

e) O ente público Instituto Enerxético de Galicia.

f) O Consello Galego de Relacións Laborais, ente institucional de dereito público, consultivo, creado pola Lei 5/2008, do 23 de maio.

2. Así mesmo, quedan adscritos a esta consellería:

a) O Laboratorio Oficial de Metroloxía de Galicia, a través da Subdirección Xeral de Administración Industrial da Dirección Xeral de Enerxía e Minas.



b) O Laboratorio de Consumo de Galicia, a través do Instituto Galego do Consumo e da Competencia.

c) A Real Academia Galega de Ciencias, a través da Axencia Galega de Innovación.

d) O Consello Asesor en Investigación e Innovación de Galicia e o Observatorio de Innovación de Galicia, creados pola Lei 5/2013, do 30 de maio, a través da Axencia Galega de Innovación».

4. As ditas modificacións entrarán en vigor ao inicio da actividade do Instituto Galego do Consumo e da Competencia.

### **Disposición derradeira terceira. Modificación do Decreto 101/2014, do 1 de agosto, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda**

1. Modifícase o número 2 do artigo 2 do Decreto 101/2014, que queda coa seguinte redacción:

«2. Adscribíense á Consellería de Facenda as seguintes entidades:

– Instituto Galego de Estatística, organismo autónomo que se axustará, en canto aos seus fins, estrutura e funcionamento, ao previsto na Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia, e ás normas que a desenvolven.

– Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (Cixtec), ente de dereito público creado pola disposición adicional quinta da Lei 2/1998, do 8 de abril.

– Axencia Tributaria de Galicia, axencia pública autonómica creada polo Decreto 202/2012, do 18 de outubro.

– Consello Económico e Social de Galicia, ente institucional de dereito público, órgano consultivo da Xunta de Galicia en materia socioeconómica, creado pola Lei 6/1995, do 28 de xuño».

2. A modificación entrará en vigor ao inicio da actividade do Instituto Galego do Consumo e da Competencia.

### **Disposición derradeira cuarta. Desenvolvemento normativo**

Autorízase a persoa titular da consellería de adscrición do Instituto Galego do Consumo e da Competencia para ditar as disposicións que sexan necesarias para o desenvolvemento e a aplicación deste decreto.

### **Disposición derradeira quinta. Entrada en vigor**

O presente decreto entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, catro de agosto de dous mil dezaseis



Alberto Núñez Feijóo

Presidente

Alfonso Rueda Valenzuela

Vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

Estatutos do Instituto Galego do Consumo e da Competencia

CAPÍTULO I Disposicións xerais

## Artigo 1. Natureza e adscrición

1. O Instituto Galego do Consumo e da Competencia é un organismo autónomo creado ao abeiro do artigo 38 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, e que se encadra dentro das entidades públicas instrumentais reguladas no título III da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

2. O Instituto Galego do Consumo e da Competencia está adscrito á consellería competente en materia de consumo.

## Artigo 2. Personalidade xurídica

O Instituto Galego do Consumo e da Competencia ten personalidade xurídica propia diferenciada respecto da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, patrimonio e tesouraría propios, así como autonomía de xestión, dentro dos límites que establezan a normativa vixente e este estatuto.

## Artigo 3. Fins e obxectivos

O Instituto Galego do Consumo e da Competencia terá como fins xerais e obxectivos básicos a defensa, protección, promoción e información dos dereitos das persoas consumidoras e usuarias, e a garantía, promoción e preservación dunha competencia efectiva nos mercados no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, na perspectiva de conseguir a máxima eficiencia económica e a protección e o aumento do benestar das persoas consumidoras e usuarias.

## Artigo 4. Funcións e competencias

1. As funcións do Instituto Galego do Consumo e da Competencia serán as seguintes:

a) Orientar, formar e informar as persoas consumidoras e usuarias sobre os seus dereitos e a forma de exercelos e de difundir o seu coñecemento, co fin de que se teñan en conta e se



respecten por todos aqueles que interveñan no mercado e por aqueles aos cales poida afectar directa ou indirectamente en relación cos bens e servizos.

b) Potenciar o establecemento e desenvolvemento das organizacións de persoas consumidoras e usuarias.

c) Promover e levar a cabo os estudos que permitan unha prognose adecuada da problemática do consumo, así como levar a cabo ensaios comparativos, análises de laboratorio e, en xeral, todos os procedementos técnicos que se precisen para o mellor coñecemento dos bens, produtos e servizos que se oferten ao consumidor e usuario.

d) Elaborar e difundir información para facilitar ás persoas consumidoras e usuarias a elección, con criterios de racionalidade, dos bens, produtos e servizos xenéricos máis adecuados ás súas necesidades.

e) Impulsar a formación da cidadanía, como persoas consumidoras e usuarias, propoñendo aos organismos competentes a adopción de programas de educación para o consumo nos distintos graos do ensino e realizar as actuacións necesarias para asegurar que a devandita formación sexa permanente.

f) Cooperar e colaborar coas administracións públicas e outras institucións públicas ou privadas, a través de acordos e convenios de colaboración, no ámbito dos obxectivos deste organismo.

g) Potenciar a mediación e a arbitraje para a resolución dos conflitos en materia de consumo, organizando e xestionando o funcionamento da Xunta Arbitral de Consumo de Galicia.

h) Realizar actuacións de inspección e sanción no ámbito de protección das persoas consumidoras, de acordo coas disposicións vixentes.

i) Velar para que os produtos e servizos postos á disposición das persoas consumidoras e usuarias incorporen a información e os niveis de seguridade legalmente exigibles, e realizar campañas de control nos diferentes sectores do mercado galego, de maneira especial as dirixidas a evitar a fraude, a publicidade enganosa ou a utilización de cláusulas abusivas.

j) Poñer en coñecemento dos organismos competentes da Administración propostas e iniciativas en relación coas funcións e competencias do instituto.

k) As que de acordo co establecido na disposición adicional segunda da Lei 2/2012, do 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias, corresponden ao Instituto Galego de Consumo.

l) A aplicación na Comunidade Autónoma de Galicia da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia, segundo os criterios establecidos pola Lei 1/2002, do 21 de febreiro, de coordinación de competencias entre o Estado e as comunidades autónomas en materia de defensa da competencia.



m) Preservar, garantir e promover a existencia dunha competencia efectiva nos mercados, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

n) Exercer todas as funcións, competencias e potestades que sexan precisas para o desenvolvemento e exercicio das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia de protección das persoas consumidoras e defensa da competencia.

## Artigo 5. Sede

O Instituto Galego do Consumo e da Competencia ten a súa sede institucional en Santiago de Compostela.

## Artigo 6. Potestades

Corresponde ao Instituto Galego do Consumo e da Competencia, dentro da esfera da súa competencia, o exercicio de todas as potestades administrativas precisas para o cumprimento dos seus fins e funcións, nos termos establecidos nos presentes estatutos e de acordo coa lexislación aplicable.

## Artigo 7. Réxime xurídico

1. O Instituto Galego do Consumo e da Competencia axustará a súa actuación á Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia; á Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico; á normativa básica estatal de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; ao Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia; á Lei 2/2012, do 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras; á Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia, aos presentes estatutos, ás súas normas de desenvolvemento e, supletoriamente, ao previsto nas normas aplicables ás entidades de dereito público vinculadas ou dependentes da Administración autonómica galega.

2. Os actos administrativos do Instituto Galego do Consumo e da Competencia son susceptibles dos recursos administrativos previstos na lexislación básica sobre réxime xurídico das administracións públicas, de acordo co establecido nestes estatutos.

3. Os actos ditados pola Presidencia e polo Consello Reitor esgotan a vía administrativa. Os actos da Dirección esgotan a vía administrativa naqueles casos en que especificamente se estableza.

4. As resolucións sancionadoras por infraccións graves da Dirección do instituto serán susceptibles de recurso de alzada ante a Presidencia.

5. As resolucións e os actos da Subdirección xeral de Investigación que produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos serán obxecto de recurso ante o Pleno



da Comisión Galega da Competencia, no prazo de dez días desde a súa notificación. Este resolverá despois de poñer de manifesto o expediente ás partes para que formulen alegacións no prazo de quince días.

6. Contra as resolucións e os actos da Presidencia e do Pleno da Comisión Galega da Competencia non cabe recurso en vía administrativa, e só poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo nos termos previstos na Lei 29/1998, do 13 de xuño, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

## CAPÍTULO II Organización do Instituto Galego do Consumo e da Competencia

### Artigo 8. Estrutura do Instituto Galego do Consumo e da Competencia

1. O Instituto Galego do Consumo e da Competencia, para o exercicio das súas competencias e o cumprimento dos fins que lle están encomendados, estrutúrase nos seguintes órganos:

a) Órganos de goberno:

A Presidencia.

O Consello Reitor.

b) Órganos executivos:

A Dirección.

A Xerencia.

c) Demais estrutura administrativa:

Órganos centrais:

Servizo de Asuntos Xerais.

Servizo de Protección ao Consumidor.

Servizo de Vixilancia do Mercado e Seguridade dos Produtos.

Servizo de Información, Cooperación e Fomento.

Órganos territoriais:

Xefaturas territoriais do Instituto Galego do Consumo e da Competencia.



Servizos de Consumo.

Outros órganos:

Laboratorio de Consumo de Galicia.

Escola Galega de Consumo.

d) Órganos adscritos:

Xunta Arbitral de Consumo de Galicia.

Consello Galego de Consumidores e Usuarios.

Comisión Galega da Competencia.

e) A Comisión Galega da Competencia.

A Presidencia.

O Pleno.

Subdirección Xeral de Investigación.

2. Na designación das persoas titulares dos órganos creados neste decreto procurarase atender ao principio de presenza equilibrada entre homes e mulleres.

Sección 1ª. Órganos de goberno

## **Artigo 9. A Presidencia**

1. A Presidencia corresponderá á persoa titular da consellería de adscrición.

Por razóns organizativas e de oportunidade ou por outra causa legal, a persoa titular da consellería competente en materia de consumo poderá propor ao Consello da Xunta de Galicia o nomeamento dunha persoa para desempeñar a Presidencia no seu lugar.

2. No suposto de ausencia, vacante, enfermidade ou outro impedimento legal, a persoa titular da Dirección substituirá a persoa titular da Presidencia.

## **Artigo 10. Competencias da Presidencia**

Son competencias da persoa titular da Presidencia:

a) A representación institucional do instituto, sen prexuízo das delegacións que poida establecer na Dirección.



- b) As relacións do organismo cos órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma e das restantes administracións públicas a que dea lugar o exercicio das competencias e funcións establecidas nestes estatutos.
- c) Presidir o Consello Reitor e desempeñar as demais competencias que, en exercicio desta función, lle correspondan, segundo o disposto na normativa básica estatal de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.
- d) Subscribir con entidades públicas e privadas convenios de colaboración excluídos da lexislación de contratos do sector público.
- e) A resolución dos expedientes sancionadores pola comisión de infraccións moi graves en materia de consumo.
- f) Calquera outra que lle atribúan estes estatutos ou as demais normas que resulten de aplicación.

## Artigo 11. O Consello Reitor

1. O Consello Reitor estará composto polos seguintes membros, que serán nomeados pola persoa titular da consellería de adscrición:

- a) Unha persoa en representación da consellería competente en materia de comercio e o seu suplente.
- b) Unha persoa en representación da consellería competente en materia de industria e o seu suplente.
- c) Unha persoa en representación da consellería competente en materia de facenda e o seu suplente.
- d) Unha persoa en representación da consellería competente en materia de saúde pública e o seu suplente.
- e) Unha persoa en representación da consellería competente en materia do mar e o seu suplente.
- f) Unha persoa en representación da consellería competente en materia do medio rural e o seu suplente.
- g) Unha persoa en representación da consellería competente en materia de administracións públicas e administración de xustiza e o seu suplente.
- h) Unha persoa en representación da consellería competente en materia de turismo e o seu suplente.



2. A persoa titular da Dirección é membro nato do Consello Reitor.

3. En caso de ausencia ou de enfermidade e, en xeral, cando concorra algunha causa xustificada, os membros titulares do órgano colexiado serán substituídos polos seus suplentes, sen prexuízo de que poidan delegar o seu voto nalgún dos restantes membros que asistan ás sesións.

4. A persoa titular da Secretaría do Consello Reitor, que asistirá ás reunións con voz pero sen voto, será designada e nomeada por este entre o persoal funcionario do organismo.

5. O Consello Reitor exercerá as seguintes atribucións:

a) O seguimento, a supervisión e o control superiores da actuación da entidade e da xestión da persoa titular da Dirección.

b) A resolución das reclamacións previas en asuntos civís e laborais.

c) A aprobación dun informe xeral anual da actividade desenvolvida pola entidade e de cantos extraordinarios considere necesarios sobre a súa xestión, coa valoración dos resultados obtidos e a consignación das deficiencias observadas.

d) A proposta de aprobación e modificación da relación de postos de traballo do instituto, logo do informe favorable dos centros directivos competentes en materia de orzamentos e función pública.

e) A aprobación do anteproxecto de orzamentos anuais e da contracción de obrigas de carácter plurianual dentro dos límites que teña fixados.

f) A aprobación das contas anuais e, se é o caso, a distribución do resultado do exercicio, conforme a lexislación de réxime financeiro e orzamentario da Comunidade Autónoma de Galicia.

g) Calquera outra que lle atribúan estes estatutos ou as demais normas que resulten de aplicación.

6. Os membros do Consello Reitor non percibirán retribución polo desempeño do seu cargo.

## Artigo 12. Funcionamento do Consello Reitor

1. O Consello Reitor reunirse con carácter ordinario unha vez ao ano e, en sesión extraordinaria, cando o acorde a Presidencia ou o soliciten a metade dos seus membros.

2. A convocatoria do Consello Reitor será realizada pola persoa que exerza a Secretaría cunha antelación mínima de corenta e oito horas e incorporará á orde do día os asuntos que se van tratar.



3. Para a válida constitución do Consello Reitor, ademais das persoas titulares da Presidencia e da Secretaría ou de quen as substitúa, deberán estar presentes, na primeira convocatoria, a metade dos seus membros e, na segunda convocatoria, que terá lugar 30 minutos máis tarde da primeira, constituirase cos membros presentes.

4. Os acordos do Consello Reitor tomaranse por maioría de votos dos seus membros e, en caso de empate, a Presidencia terá voto dirimente.

5. Os demais aspectos relativos ao funcionamento do Consello Reitor axustaranse ao disposto nos seus estatutos e no regulamento de réxime interno; na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, na normativa básica estatal de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e na demais normativa de aplicación para este tipo de órganos colexiados.

6. Poderán asistir ás reunións do Consello Reitor, con voz pero sen voto, as persoas representantes de entidades públicas ou privadas, así como todas aquelas persoas que sexan convocadas pola persoa titular da Presidencia en calidade de persoas expertas nalgunha das materias incluídas na orde do día.

## Sección 2ª. Órganos executivos

### Artigo 13. A Dirección

1. A Dirección é o órgano executivo do instituto, responsable da súa xestión ordinaria, exerce as competencias inherentes ao seu cargo establecidas legalmente e nos presentes estatutos, así como as que lle deleguen os órganos de goberno.

2. Será titular da Dirección a persoa que represente a titularidade da dirección xeral con competencias en materia de comercio.

3. Correspóndenlle á Dirección as seguintes funcións:

a) Facer cumprir e executar os acordos do Consello Reitor, así como as resolucións xudiciais.

b) Impulsar e supervisar as accións do organismo.

c) Atender e canalizar as propostas e peticións das organizacións de persoas consumidoras e usuarias.

d) Actuar como órgano de contratación do instituto con suxeición á normativa vixente, ordenar os pagamentos e exercer a superior dirección do persoal do instituto.



- e) Formular ofertas de acordo coa normativa de contratos do sector público que resulte de aplicación para ser adxudicatario de contratacións públicas en España e calquera outro país, en especial respecto aos servizos que presta o Laboratorio de Consumo de Galicia.
- f) Someter para a súa aprobación por parte do Consello Reitor o informe xeral anual da actividade do instituto e calquera outro informe extraordinario.
- g) Someter para a súa aprobación por parte do Consello Reitor o anteproxecto de orzamentos anuais e da contracción de obrigas de carácter plurianual dentro dos límites que teña fixados.
- h) Someter para a súa aprobación por parte do Consello Reitor as contas anuais do instituto e, de ser o caso, a distribución do resultado do exercicio, conforme a lexislación de réxime financeiro e orzamentario da Comunidade Autónoma de Galicia.
- i) Someter para a súa aprobación pola consellería de adscrición o Plan anual de actuación, logo do informe favorable da consellería competente en materia de facenda.
- j) Preparar os asuntos para a interposición ante a xurisdición competente das accións de cesación ou colectivas en materia de consumo.
- k) A resolución dos expedientes sancionadores pola comisión de infraccións graves en materia de consumo.
- l) Coñecer e coordinar os traballos e as actividades que realicen os distintos órganos en materias que garden relación cos fins do instituto e que non estean expresamente reservados a outros órganos da Xunta de Galicia.
- m) A iniciación e resolución do procedemento para a adopción das medidas administrativas para a corrección dos mercados.
- n) Confirmar, modificar ou levantar, en materias da súa competencia, as medidas administrativas para a corrección dos mercados adoptadas pola Inspección de Consumo, de acordo co establecido no artigo 60.5 da Lei 2/2012, do 28 de marzo, de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias.
- ñ) Presidir a Xunta Arbitral de Consumo de Galicia, sen prexuízo da creación, se é o caso, de delegacións dentro do ámbito da Administración da Xunta de Galicia.
- o) Velar polo cumprimento da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres en Galicia.
- p) Exercer calquera outra función que se lle asigne legal ou regulamentariamente, así como calquera outra non reservada expresamente a outros órganos en materia propia do instituto.
4. Nos supostos de ausencia, vacante, enfermidade ou outra causa legal, a persoa titular da Xerencia substituirá a persoa titular da Dirección.



## Artigo 14. A Xerencia

1. A Xerencia é o órgano ao cal lle corresponden todas as iniciativas e actuacións encamiñadas a asegurar o funcionamento operativo das diferentes unidades do organismo e, en especial:

- a) A elaboración do borrador do Plan anual de actuación e da memoria anual de actividade.
- b) A preparación das contas e do anteproxecto do organismo.
- c) A xestión do orzamento do organismo e a proposta de ordenación de pagamentos.
- d) O deseño, impulso, seguimento e control económico-financeiro.
- e) A xestión integral dos recursos do persoal e das actuacións dirixidas á adquisición de bens e servizos necesarios para o funcionamento e mantemento das instalacións.
- f) A planificación e o impulso aos sistemas de información e comunicación do organismo.
- g) O establecemento e mantemento dos procedementos de xestión interna.
- h) A interlocución coa Secretaría Xeral Técnica da consellería de adscrición para os asuntos de trámite e para calquera outro que lle sexa encomendado pola Dirección do organismo.
- i) Exercer calquera outra función que se lle asigne legal ou regulamentariamente ou lle delegue ou encomende a persoa titular da Dirección do organismo.

2. A Xerencia terá rango de subdirección xeral para todos os efectos, e a súa persoa titular será designada e separada de acordo coa regulación xeral para a provisión deste tipo de postos.

3. No suposto de ausencia, vacante, enfermidade ou outra causa legal, a persoa titular do Servizo de Asuntos Xerais substituirá a persoa titular da Xerencia.

### Sección 3ª. Demais estrutura administrativa

#### Subsección 1ª. Órganos centrais

## Artigo 15. Servizo de Asuntos Xerais

1. Baixo a dependencia da Dirección e a coordinación da Xerencia existirá o Servizo de Asuntos Xerais, ao cal lle corresponde realizar as funcións de planificación, coordinación e execución, en relación coas seguintes materias:

- a) Asesorar e emitir informes sobre aquelas cuestións que lle someta a Dirección, así como aquelas que lle encomende a propia Xerencia do instituto.



- b) A elaboración do borrador de anteproxecto de orzamentos do instituto e a súa execución e control, a tramitación das súas modificacións, así como a xestión económico-administrativa dos créditos orzamentarios e a xustificación de contas xerais.
- c) A habilitación de pagamentos e adquisición, xestión e control de medios materiais para o funcionamento ordinario do instituto e dos recursos económicos deste.
- d) A coordinación e xestión de expedientes de contratación administrativa.
- e) A xestión de persoal, réxime interno e coordinación do sistema de xestión de procedementos administrativos e outras de contido administrativo que lle atribúa a Dirección.
- f) A xestión de nóminas de persoal do instituto.
- g) A iniciación, instrución e tramitación de expedientes de responsabilidade patrimonial.
- h) A coordinación e xestión das unidades e aplicacións informáticas do instituto ou vinculadas a este.
- i) Exercer cantas funcións lle encomende a Xerencia.

2. No caso de ausencia, enfermidade, vacante ou outra causa legal, a persoa titular do servizo será substituída pola persoa titular da Xerencia do instituto.

## **Artigo 16. Servizo de Protección ao Consumidor**

1. Baixo a dependencia da Dirección e a coordinación da Xerencia existirá o Servizo de Protección ao Consumidor, ao cal lle corresponderá realizar as funcións de planificación, coordinación, execución e control en relación coas seguintes materias:

- a) A elaboración dos proxectos de disposicións necesarios para o desenvolvemento e a actualización da lexislación xeral de defensa das persoas consumidoras e usuarias.
- b) A investigación dentro das súas competencias das denuncias por suposta infracción en materia de defensa das persoas consumidoras e usuarias, en coordinación coa Inspección de Consumo e, sen prexuízo das funcións desta, de acordo co disposto na súa normativa reguladora.
- c) A iniciación, instrución e tramitación dos expedientes sancionadores que correspondan para corrixir as infraccións detectadas en materia de defensa das persoas consumidoras e usuarias, sen prexuízo das competencias doutros órganos do instituto.
- d) O fomento da formalización de convenios arbitrais entre as persoas consumidoras e usuarias e as empresas para solucionar as súas controversias mediante a arbitrase de consumo.



e) A mediación, cando proceda, respecto das controversias derivadas de reclamacións das persoas consumidoras e usuarias.

f) O mantemento actualizado dos datos do censo das empresas adheridas ao Sistema Arbitral de Consumo de Galicia.

g) As actuacións correspondentes á Secretaría da Xunta Arbitral de Consumo de Galicia.

h) Exercer cantas funcións lle encomende a Xerencia do instituto.

2. No caso de ausencia, enfermidade, vacante ou outra causa legal, a persoa titular do servizo será substituída pola persoa titular da xefatura do Servizo de Vixilancia do Mercado e Seguridade dos Produtos, sen prexuízo da posibilidade da delegación das actuacións correspondentes á Secretaría da Xunta Arbitral de Consumo de Galicia.

## **Artigo 17. Servizo de Vixilancia do Mercado e Seguridade dos Produtos**

1. Baixo a dependencia da Dirección e a coordinación da Xerencia existirá o Servizo de Vixilancia do Mercado e Seguridade dos Produtos, ao cal lle corresponderá realizar as seguintes funcións:

a) A coordinación e o seguimento das actividades de vixilancia do mercado, no que respecta aos produtos ou servizos destinados ás persoas consumidoras ou usuarias finais, e das medidas adoptadas para velar porque tales produtos cumpran os requisitos legais establecidos pola lexislación e que non supoñan un risco para a seguridade das persoas consumidoras ou usuarias, sen prexuízo das atribucións que poidan corresponder a outros órganos da Administración autonómica de Galicia.

b) A xestión do sistema de intercambio rápido de información sobre perigos derivados de produtos de uso ou consumo (rede de alerta de produtos non alimenticios), así como a coordinación e o seguimento das actuacións levadas a cabo no ámbito da materia de seguridade dos produtos.

c) A supervisión e o seguimento das medidas administrativas para corrección dos mercados, cando tales medidas afecten o ámbito territorial de máis dunha xefatura territorial.

d) A advertencia e o requirimento aos produtores e distribuidores, por medio da Inspección de Consumo, do cumprimento dos seus deberes de producir e distribuír produtos seguros.

e) A planificación, programación, coordinación e seguimento das actividades de inspección dos establecementos, bens e servizos existentes no mercado, para o cumprimento da súa normativa reguladora e a protección dos dereitos e lexítimos intereses das persoas consumidoras ou usuarias, en coordinación co Servizo de Protección ao Consumidor.

f) Ordenar e coordinar as actuacións da Inspección de Consumo en cumprimento das súas funcións, ditando as instrucións xerais e particulares para tal fin.



g) A iniciación, instrución e tramitación dos expedientes sancionadores que correspondan para corrixir as infraccións detectadas en materia de defensa das persoas consumidoras ou usuarias no campo da seguridade dos produtos e aquelas materias derivadas da obstrución ou negativa a subministrar datos ou a facilitar as funcións inspectoras.

h) A dirección e coordinación das actuacións do persoal da Inspección de Consumo adscrito ao servizo.

i) Exercer cantas funcións lle encomende a Xerencia do instituto.

2. No caso de ausencia, enfermidade, vacante ou outra causa legal, a persoa titular do servizo será substituída pola persoa titular da xefatura do Servizo de Protección ao Consumidor.

## Artigo 18. Servizo de Información, Cooperación e Fomento

1. Baixo a dependencia da Dirección e a coordinación da Xerencia, existirá o Servizo de Información, Cooperación e Fomento, ao cal lle corresponderá realizar as funcións de planificación, coordinación, execución e control en relación coas seguintes materias:

a) A elaboración e a difusión de proxectos de estudos, análises e enquisas sobre produtos e servizos ofrecidos ás persoas consumidoras ou usuarias.

b) A proposta de deseño, a elaboración, a implementación e a difusión de publicacións e material informativo e métodos de xestión do instituto.

c) O deseño e a elaboración de campañas e xornadas informativas sobre consumo, dirixidas a distintos sectores e/ou ás persoas consumidoras ou usuarias en xeral.

d) A cooperación e a asistencia ás organizacións de consumidores, oficinas e demais organismos e entidades interesadas.

e) A tramitación, a execución e o seguimento de convenios de colaboración ou cooperación con organismos, entidades e organizacións en materia de consumo.

f) A xestión do rexistro de organizacións de consumidores e demais entidades relacionadas co instituto.

g) A tramitación e o seguimento de axudas e subvencións a organizacións de consumidores, concellos e entidades con funcións relacionadas coas materias competencia do instituto.

h) A elaboración da memoria anual e a estatística de consumo.

i) Exercer cantas funcións lle encomende a Xerencia.

2. No caso de ausencia, enfermidade, vacante ou outra causa legal, a persoa titular do servizo será substituída pola persoa titular da Xerencia do instituto.



Subsección 2ª. Órganos territoriais

### **Artigo 19. As xefaturas territoriais do Instituto Galego do Consumo e da Competencia**

1. Baixo a dependencia da Dirección e a coordinación da Xerencia, e de acordo coa distribución territorial da Xunta de Galicia, existirán xefaturas territoriais do Instituto Galego do Consumo e da Competencia. As súas funcións serán exercidas polos titulares das xefaturas territoriais da consellería de adscrición e o seu ámbito territorial será o destas últimas.

2. No ámbito territorial respectivo correspóndenlles as seguintes competencias:

a) A iniciación e a resolución do procedemento para a adopción das medidas administrativas para a corrección dos mercados, cando as medidas que se van adoptar se circunscriban exclusivamente ao ámbito territorial dunha xefatura territorial.

b) Confirmar, modificar ou levantar, no eido da súa competencia, as medidas administrativas para a corrección dos mercados adoptadas pola Inspección de Consumo, de acordo co establecido no artigo 60.5 da Lei 2/2012, do 28 de marzo, de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias.

c) A resolución dos expedientes sancionadores por infraccións leves.

d) Calquera outra competencia ou atribución que as leis e demais disposicións xerais lles confiran ou lles sexan delegadas.

3. No caso de ausencia, enfermidade, vacante ou outra causa legal, a persoa titular da xefatura territorial, no ámbito das competencias de consumo, será substituída pola persoa titular da Xerencia do instituto ou pola persoa titular do servizo de consumo correspondente, de acordo co disposto pola Dirección do instituto.

### **Artigo 20. Servizos de consumo**

1. Baixo a dependencia da Dirección e a coordinación da Xerencia, en cada provincia existirá unha unidade administrativa coa categoría de servizo, que terá as seguintes funcións:

a) A xestión de cantos asuntos en materia de consumo teñan atribuídas as xefaturas territoriais, asegurando o cumprimento dos obxectivos no seu correspondente ámbito territorial.

b) A execución das medidas adoptadas pola Xerencia en materia de réxime interior, tramitación administrativa, xestión de persoal, rexistro xeral e arquivos da delegación, información ao público, elaboración das estatísticas no seu ámbito territorial en coordinación co Instituto Galego de Estatística e calquera outra que lle sexa encomendada pola Xerencia.

c) O apoio a actuacións informativas e formativas no marco de planificación estratéxica do instituto.



- d) A coordinación e o seguimento das actividades de vixilancia do mercado no que respecta aos produtos e servizos destinados ás persoas consumidoras ou usuarias finais e das medidas emprendidas en velar por que tales produtos cumpran os requisitos legais establecidos pola lexislación e non supoñan un risco para a seguridade das persoas consumidoras ou usuarias, no ámbito do seu territorio, e sen prexuízo das atribucións que poidan corresponder a outros órganos da Administración autonómica de Galicia.
- e) A supervisión e o seguimento das medidas administrativas para a corrección dos mercados no seu ámbito territorial.
- f) A dirección e coordinación das actuacións do persoal e da Inspección de Consumo adscritos ao servizo, de acordo coas directrices do Servizo de Vixilancia do Mercado e Seguridade dos Produtos.
- g) A advertencia e o requirimento aos produtores e distribuidores por medio da Inspección de Consumo do cumprimento dos seus deberes de producir e distribuír produtos seguros.
- h) A execución das medidas adoptadas pola Dirección e a Xerencia do instituto e a persoa titular da xefatura territorial.
- i) A mediación, cando proceda, así como a iniciación, a instrución e a tramitación dos expedientes sancionadores que correspondan para corrixir as infraccións detectadas en materia de defensa das persoas consumidoras ou usuarias, no seu ámbito territorial de competencia.
- j) Exercer cantas funcións lle encomende a Xerencia do instituto.

2. No caso de ausencia, enfermidade, vacante ou outra causa legal, a persoa titular da xefatura do Servizo de Consumo será substituída pola persoa titular da Xerencia do instituto ou pola persoa titular da xefatura territorial correspondente, de acordo co disposto pola Dirección do instituto.

### Subsección 3ª. Outros órganos

#### **Artigo 21. Laboratorio de Consumo de Galicia**

1. O Laboratorio de Consumo de Galicia, baixo a dependencia da Dirección e a coordinación da Xerencia, contará cun/cunha director/a técnico/a con categoría de xefe/a de servizo e terá as seguintes funcións:

- a) A realización de estudos, análises e informes técnicos sobre os produtos existentes no mercado á disposición das persoas consumidoras ou usuarias.
- b) A información e o asesoramento en temas relacionados co control dos produtos á disposición das persoas consumidoras e usuarias.



- c) A participación nos comités técnicos de normalización no ámbito das súas competencias e en cantos foros técnicos lle sexan encomendados pola persoa titular da Dirección do instituto.
  - d) A proposta, o desenvolvemento e a coordinación de iniciativas de investigación en materia, análise e avaliación de produtos de consumo, e a participación, a coordinación e a elaboración de estudos prospectivos en materia de seguridade e calidade de produtos de consumo.
  - e) A prestación de servizos de asistencia científico-técnica aos sectores sociais e industriais e aos xestores públicos en materia de consumo.
  - f) A participación e proposta de ofertas en contratacións públicas tanto en España como noutros países.
  - g) A participación e proposta de programas, accións e actividades formativas de concienciación e promoción en materia de consumo.
  - h) O soporte analítico das actuacións do instituto.
  - i) O desenvolvemento e posta en marcha de novos métodos analíticos instrumentais.
  - j) A colaboración con outros organismos e entidades que teñan funcións en harmonía co Laboratorio de Consumo de Galicia.
  - k) Realizar informes en materia de seguridade dos produtos co obxecto de avaliar o seu cumprimento con respecto aos produtos existentes no mercado.
  - l) Propoñer campañas de inspección especialmente en materia de seguridade dos produtos.
  - m) En xeral, prestarlle asistencia así como desenvolver calquera outra función que, por razón da súa competencia, lle poida encomendar a persoa titular da Dirección do instituto.
2. No caso de ausencia, enfermidade, vacante ou outra causa legal, a persoa titular do servizo será substituída pola persoa titular da Xerencia do instituto.

## Artigo 22. Escola Galega do Consumo

1. A Escola Galega do Consumo, baixo a dependencia da Dirección e a coordinación da Xerencia, contará cun/cunha director/a técnico/a con categoría de xefe/a de servizo e terá as seguintes funcións:
- a) A elaboración, a execución e a avaliación dos plans anuais de formación.
  - b) A xestión de convenios e acordos de colaboración no ámbito da función da escola.
  - c) O deseño e xestión de concursos, certames e exposicións en materia de formación e educación en consumo.



- d) A coordinación da rede de educación para o consumo responsable Galicons.net.
  - e) A coordinación de programas europeos de formación na materia de consumo.
  - f) A información e o asesoramento pedagóxico a centros escolares, asociacións e colectividades.
  - g) A elaboración de informes e estudos de investigación no ámbito da formación e da educación para o consumo.
  - h) A elaboración de materiais didácticos.
  - i) A xestión da mediateca da Escola Galega do Consumo.
  - j) En xeral, prestarlle asistencia así como desenvolver calquera outra función que, por razón da súa competencia, lle poida encomendar a persoa titular da Dirección ou da Xerencia do instituto.
2. No caso de ausencia, enfermidade, vacante ou outra causa legal, a persoa titular do servizo será substituída pola persoa titular da Xerencia do instituto.

## Sección 4ª. Órganos adscritos

### **Artigo 23. A Xunta Arbitral de Consumo de Galicia**

1. A Xunta Arbitral de Consumo de Galicia queda adscrita ao Instituto Galego do Consumo e da Competencia.
2. A Xunta Arbitral de Consumo de Galicia rexerese polo seu convenio de constitución, polos presentes estatutos, pola normativa reguladora do Sistema Arbitral de Consumo e demais normativa de aplicación.
3. Os cargos da Xunta Arbitral de Consumo de Galicia non son retribuíbles.
4. Os árbitros que conforman os colexios arbitrais percibirán, no desempeño das súas funcións, indemnizacións de acordo coa Orde do 15 de decembro de 1999 pola que se regulan as indemnizacións por razón de servizo aos árbitros dos colexios arbitrais da Xunta Arbitral de Consumo de Galicia ou norma que a substitúa.

### **Artigo 24. O Consello Galego de Consumidores e Usuarios**

1. O Consello Galego de Consumidores e Usuarios queda adscrito ao Instituto Galego do Consumo e da Competencia.



2. O Consello Galego de Consumidores e Usuarios rexerase polo establecido na Lei 2/2012, do 27 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras, os presentes estatutos e na súa normativa reguladora.

### **Artigo 25. A Comisión Galega da Competencia**

De conformidade co artigo 38 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, a Comisión Galega da Competencia configúrase como órgano colexiado independente do Instituto Galego do Consumo e da Competencia, nos termos do establecido na sección seguinte.

#### Sección 5ª. A Comisión Galega da Competencia

### **Artigo 26. A Comisión Galega da Competencia**

1. A Comisión Galega da Competencia, como órgano colexiado independente, adscrito ao Instituto Galego do Consumo e da Competencia, será a encargada, de acordo coa norma reguladora do Instituto Galego do Consumo e da Competencia, destes estatutos e demais normativa, da aplicación na Comunidade Autónoma de Galicia da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia, segundo os criterios establecidos pola Lei 1/2002, de coordinación de competencias entre o Estado e as comunidades autónomas en materia de defensa da competencia.

2. Correspóndenlle á Comisión Galega da Competencia as seguintes funcións:

a) Instruír e resolver expedientes sobre condutas prohibidas pola Lei de defensa da competencia e de control de axudas públicas.

b) Informar sobre cuestións relativas á defensa da competencia, por solicitude do Parlamento de Galicia, o Consello da Xunta de Galicia, os seus conselleiros ou conselleiras, as corporacións locais de Galicia, as asociacións de persoas consumidoras e usuarias ou de empresarios/as ou produtores/as.

c) Promover a competencia efectiva nos mercados da Comunidade Autónoma de Galicia.

d) Realizar estudos e traballos de investigación dos sectores económicos, analizando a situación e o grao de competencia de cada un deles, así como a existencia de prácticas restritivas, e recomendar a adopción de medidas conducentes á remoción dos obstáculos en que se ampare a restrición no marco da política económica xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

e) Actuar como órgano de asesoramento da Administración autonómica en materia de defensa da competencia.



- f) Informar de modo preceptivo non vinculante sobre os anteproxectos de lei e proxectos doutras disposicións autonómicas de carácter xeral que poidan ter algún efecto sobre a competencia efectiva nos mercados.
- g) Vixiar o funcionamento competitivo dos mercados para garantir os niveis de competencia efectiva neles en beneficio das persoas consumidoras e usuarias de Galicia.
- h) Elaborar informes no marco da Lei de defensa da competencia en materia de axudas públicas.
- i) Impoñer multas sancionadoras e coercitivas e adoptar outras medidas de execución forzosa previstas na normativa vixente, nos termos previstos na Lei de defensa da competencia.
- j) Sancionar os comportamentos anticompetitivos producidos no ámbito da contratación do sector público, en particular, os comunicados polos órganos de contratación, a Xunta Consultiva de Contratación Administrativa de Galicia e os órganos competentes para resolver o recurso especial en materia de contratación, de acordo co disposto no artigo 23, número 3 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.
- k) Impugnar os actos e as disposicións xerais de rango inferior á lei das administracións públicas autonómica e locais da Comunidade Autónoma de Galicia suxeitas a dereito administrativo, dos que deriven obstáculos á competencia efectiva nos mercados.
- l) Realizar as funcións de arbitraje, tanto de dereito como de equidade, nos termos contidos na normativa vixente na materia.
- m) Realizar funcións de colaboración e coordinación coa Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, cos órganos xudiciais e cos organismos reguladores.
- n) Emitir informe sobre a posible vulneración da normativa de unidade de mercado naqueles casos que se consideren de interese para o mantemento ou a defensa da libre competencia na Comunidade Autónoma de Galicia.
- o) Calquera outra que lle atribúan estes estatutos ou as demais normas que resulten de aplicación.

Lei 10/2023, do 28 de decembro.

Artigo modificado: Artigo 26 apartado 2 letra l) nova redacción por artigo 48 apartado un.

## Artigo 27. Órganos da Comisión Galega da Competencia

Son órganos da Comisión Galega da Competencia os seguintes:

- a) A Presidencia.



- b) O Pleno.
- c) A Subdirección Xeral de Investigación.

### **Artigo 28. Nomeamento e duración da Presidencia**

1. A Presidencia da Comisión Galega da Competencia ten rango de director ou directora xeral e o seu titular é nomeado polo Consello da Xunta de Galicia, por proposta da persoa titular da consellería a que se atope adscrito o Instituto Galego do Consumo e da Competencia, entre xuristas, economistas e outros/as profesionais de recoñecido prestixio e experiencia no ámbito de actuación da comisión.
2. O nomeamento da persoa titular da Presidencia será por un período de seis anos renovable. Ao rematar o prazo do seu mandato, continuará no exercicio das súas funcións ata a toma de posesión do novo presidente ou presidenta.
3. A persoa titular da Presidencia exercerá a súa función con dedicación absoluta e estará sometida ao réxime de incompatibilidades establecido con carácter xeral para os altos cargos da Administración autonómica.

Lei 5/2024, do 27 de decembro.

Artigo modificado: Artigo 28 apartado 2 nova redacción por artigo 100.

### **Artigo 29. Causas de cesamento e suspensión da Presidencia**

1. O cargo da persoa titular da Presidencia é inamovible, sen que poida ser cesada nin suspendida, agás nos casos que se sinalan a continuación.
2. A persoa titular da Presidencia cesará no seu cargo:
  - a) Por renuncia.
  - b) Por expiración do termo do seu mandato, sen prexuízo do establecido no número 2 do artigo anterior.
  - c) Por incompatibilidade sobrevida, estimada por decisión administrativa ou xudicial firme, conforme o réxime de incompatibilidades de altos cargos.
  - d) Por ter sido condenada por delito.
  - e) Por incapacidade permanente.
  - f) Por separación a causa de incumprimento grave dos deberes do seu cargo, acordada polo Consello da Xunta de Galicia por proposta da persoa titular da consellería de adscrición.



3. A persoa titular da Presidencia da Comisión Galega da Competencia só poderá ser suspendida no exercicio do seu cargo:

- a) Cando se dite en contra dela auto de procesamento ou de apertura de xuízo oral en procedementos por delito doloso.
- b) Cando se acorde en expediente disciplinario ou de declaración de incapacidade temporal.
- c) Por sentenza firme condenatoria que impoña a suspensión como pena principal ou accesoria.

### Artigo 30. Funcións da Presidencia

1. Correspóndenlle á Presidencia da Comisión Galega da Competencia as seguintes funcións:

- a) Manter a boa orde e o goberno da Comisión e velar polo adecuado cumprimento das súas funcións e a aplicación das súas normas de organización e funcionamento.
- b) Exercer a dirección, a coordinación e a supervisión dos órganos da Comisión Galega da Competencia, nomeadamente a coordinación do Pleno da Comisión coa Subdirección Xeral de Investigación e co secretario do Pleno.
- c) Convocar o Pleno por propia iniciativa, ou por pedimento dun dos vogais, e mais presidilo, así como exercer as demais competencias que lles correspondan aos presidentes dos órganos colexiados administrativos, segundo o disposto na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.
- d) Representar a Comunidade Autónoma de Galicia no Consello de Defensa da Competencia, creado pola Lei 1/2002, do 21 de febreiro, de coordinación das competencias do Estado e das comunidades autónomas en materia de defensa da competencia.
- e) Comparecer antes do 30 de xuño de cada ano ante a Comisión de Economía, Facenda e Orzamentos, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo do Parlamento de Galicia para informar sobre a situación da competencia e do plan de actividades e os obxectivos previstos para o ano seguinte. Así mesmo, sempre que se requira para iso, comparecerá por asuntos cuxa competencia para resolver ou instruír lle corresponda á Comisión Galega da Competencia.
- f) Impugnar ante a xurisdición competente os actos e as disposicións xerais de rango inferior a lei das administracións públicas autonómica ou locais da Comunidade Autónoma de Galicia suxeitas ao dereito administrativo, dos que deriven obstáculos ao mantemento dunha competencia efectiva nos mercados.
- g) Exercer calquera outra función que se lle asigne legal ou regulamentariamente, así como calquera outra non reservada expresamente a outros órganos en materia propia do instituto.

2. Así mesmo, é o órgano competente para:



- a) Propor o nomeamento da persoa responsable da Subdirección Xeral de Investigación da Comisión Galega da Competencia.
- b) Designar quen actuará como secretario do Pleno da Comisión Galega da Competencia.

### Artigo 31. Composición do Pleno

1. O Pleno da Comisión Galega da Competencia está integrado polo presidente ou presidenta e por dous/dúas vogais.
2. O nomeamento dos/das vogais será realizado por orde da consellaría a que estea adscrito o Instituto Galego do Consumo e da Competencia, entre xuristas, economistas e outros/as profesionais de recoñecido prestixio e experiencia no ámbito de actuación da Comisión, por un período de seis anos non renovable. Ao rematar o prazo do seu mandato, continuarán no exercicio das súas funcións ata a toma de posesión do/da novo/a vogal.
3. O cargo de vogal da Comisión Galega da Competencia non exige dedicación absoluta e, polo tanto, os/as vogais non percibirán retribucións periódicas polo desenvolvemento da súa función, percibindo as compensacións económicas de acordo co establecido no artigo 35 relativo ao seu réxime retributivo. Non obstante, un ou unha dos/das vogais poderá ter dedicación absoluta, e nese caso percibirá unha retribución equivalente á dunha subdirección xeral, percibindo ademais un complemento en función dos informes emitidos, que será determinado polo Pleno para cada anualidade, segundo o orzamento asignado para tal fin, contando co previo informe preceptivo da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos.
4. O cargo de vogal do Pleno da Comisión Galega da Competencia é incompatible co exercicio de calquera outro cargo ou actividade que poida comprometer a independencia no exercicio das tarefas que lle son propias e, en particular, con calquera actividade profesional que teña relación directa co ámbito de actuación do organismo. Tampouco poden ser nomeadas vogais as persoas que, directa ou indirectamente, no período de dous anos anteriores á data de nomeamento, comparecesen ante os órganos galegos de defensa da competencia en calidade de persoa interesada ou representante dalgunha persoa interesada. No caso de dedicación absoluta terán, ademais, as incompatibilidades establecidas para a presidencia.
5. Os/as vogais, unha vez que cesasen no cargo, débense abster de intervir nos procedementos iniciados durante o seu mandato.
6. Os/as vogais da Comisión Galega da Competencia estarán sometidos/as ás causas de cesamento e suspensión establecidas para a presidencia.
7. A secretaría do Pleno da Comisión Galega da Competencia será exercida de acordo co establecido no punto 2.b) do artigo 30. A súa designación corresponde á Presidencia, entre os vogais da Comisión ou entre o persoal adscrito á Comisión Galega da Competencia. No caso de non ser un ou unha das vogais, o secretario ou secretaria disporá de voz pero non de voto nos plenos.

Lei 10/2023, do 28 de decembro.



Artigo modificado: Artigo 31 nova redacción por artigo 48 apartado dous.

### Artigo 32. Funcionamento do Pleno

1. O Pleno da Comisión Galega da Competencia quedará validamente constituído coa asistencia das persoas titulares da Presidencia, da Secretaría e dun vogal. No caso de ausencia da persoa titular da Presidencia, para a válida constitución do Pleno, deberán estar presentes os/as dous /dúas vogais.
2. Os acordos adoptaranse por maioría de votos das persoas asistentes. No caso de empate, decidirá o voto de quen presida.
3. O Pleno aprobará o seu regulamento de réxime interior para regular a súa actividade e o funcionamento naquelas cuestións non previstas no presente decreto.

### Artigo 33. Funcións do Pleno

1. O Pleno da Comisión Galega da Competencia é o órgano colexiado de decisión en relación coas funcións da comisión en materia de competencia previstas no presente decreto.
2. En particular, o Pleno da Comisión Galega da Competencia é o órgano competente para:
  - a) Solicitar a instrución de expedientes sobre condutas restritivas da competencia pola Subdirección Xeral de Investigación.
  - b) Resolver, por proposta da Subdirección Xeral de Investigación, os procedementos sobre condutas prohibidas polos artigos 1, 2 e 3 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia, de acordo coas previsións contidas no presente decreto, incluída a aplicación do sistema de clemencia dos artigos 65 e 66 da mesma lei e a súa normativa de desenvolvemento.
  - c) Aprobar e acordar o envío dos informes relativos a condutas restritivas e ao control de concentracións por proposta da Subdirección Xeral de Investigación.
  - d) Aprobar e acordar o envío dos informes relativos ao control de axudas públicas.
  - e) Exercer as funcións de arbitraje, consultivas, de promoción da competencia, de asesoramento, representación e vixilancia dos mercados, nos termos previstos nos presentes estatutos, sen prexuízo das atribucións do presidente ou da presidenta da Comisión Galega da Competencia.
  - f) Acordar a impugnación dos actos e das disposicións referidos no artigo 26.i) do presente decreto.
3. Ademais, o Pleno exercerá as seguintes funcións de carácter interno:



a) Elaborar e aprobar as normas de réxime interno, que regularán o funcionamento do Pleno e o réxime de convocatoria e sesións, de acordo co establecido nestes estatutos e na Lei 16 /2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

b) Resolver sobre as recusacións e as correccións disciplinarias.

### **Artigo 34. Normas de procedemento**

A Comisión Galega da Competencia aplicará aos procedementos que tramite as normas establecidas na lexislación estatal en materia de competencia e, con carácter supletorio, o que dispoña a normativa sobre procedemento administrativo común.

### **Artigo 35. Réxime retributivo dos/das vogais**

1. Os/as vogais percibirán compensacións económicas por cada acto xurídico ditado, pola súa asistencia ás sesións do Pleno e pola elaboración dos traballos que lles encomende o/a presidente/a. Estas compensacións axustaranse ás previsións orzamentarias do organismo para cada exercicio e diferenciaranse, no caso de que actúen en condición de relatores/as, en función da complexidade do asunto.

2. As compensacións económicas que percibirán os/as vogais serán as acordadas polo Pleno para cada anualidade segundo o orzamento asignado para tal fin, logo de informe preceptivo da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos.

3. Así mesmo, os/as vogais teñen dereito a ser indemnizados por razón do servizo nas circunstancias, condicións e límites contidos no Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón de servizo ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia, e serán clasificados para este efecto no grupo 1º dos definidos no anexo I do citado decreto e sempre suxeito ás previsións orzamentarias do organismo para cada exercicio.

### **Artigo 36. Subdirección Xeral de Investigación**

1. A Subdirección Xeral de Investigación é a unidade encargada da instrución dos expedientes previstos neste decreto na materia de defensa da competencia.

2. En particular, a Subdirección Xeral de Investigación é a unidade competente para:

a) Instruír e elevar a correspondente proposta de resolución dos expedientes sobre condutas restritivas da competencia prohibidas polos artigos 1, 2 e 3 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia, consonte os procedementos establecidos na Lei 15/2007, de defensa da competencia, e no regulamento aprobado polo Real decreto 261/2008, do 22 de febreiro, ou na normativa que os substitúa.

b) Resolver sobre as cuestións incidentais que poidan suscitarse no marco da instrución deses expedientes.



- c) Vixiar a execución e o cumprimento das resolucións e dos acordos adoptados en aplicación das competencias da Comisión Galega da Competencia.
- d) Elaborar os informes sobre condutas restritivas nos termos previstos nos presentes estatutos.
- e) Elaborar as propostas de informes sobre control de concentracións nos termos previstos nos presentes estatutos.
- f) Colaborar, no ámbito das súas funcións, cos organismos homólogos das comunidades autónomas e da Administración Xeral do Estado. En especial, correspóndelle á Subdirección Xeral de Investigación a competencia para realizar e recibir as notificacións a que se refiren os artigos 2.1, parágrafo primeiro, e 2.2, parágrafo primeiro, da Lei 1/2002, do 21 de febreiro, de coordinación das competencias do Estado e das comunidades autónomas en materia de defensa da competencia.
- g) Exercer cantas funcións lle encomende a Comisión Galega da Competencia ou a persoa titular da súa presidencia.

### CAPÍTULO III Réxime de persoal

#### **Artigo 37. Persoal do Instituto Galego do Consumo e da Competencia**

1. O Instituto Galego do Consumo e da Competencia contará con persoal funcionario e/ou laboral da Xunta de Galicia. En todo caso, quedan reservadas ao persoal funcionario as funcións que impliquen a participación, directa ou indirecta, no exercicio de potestades públicas ou na salvagarda dos intereses xerais da Comunidade Autónoma de Galicia e das administracións públicas, así como aquelas que se determinen na normativa aplicable en materia de emprego público.
2. O persoal funcionario que preste os seus servizos no instituto réxese pola normativa reguladora do réxime do persoal empregado público e polas súas normas de desenvolvemento.
3. Ao persoal laboral da Administración xeral da Comunidade Autónoma destinado no instituto garantiráselle os dereitos e deberes que se recollen no Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia e rexerese polo texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores e pola restante normativa que resulte de aplicación ao persoal laboral ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.
4. O persoal do instituto quedará sometido ao réxime xeral de incompatibilidades aplicable ao persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

#### **Artigo 38. Ordenación de postos de traballo**



1. A relación de postos de traballo do Instituto Galego do Consumo e da Competencia determinará a natureza, o contido e as características do desempeño e a retribución de cada posto de traballo, de acordo co disposto na normativa de emprego público. Esta relación será pública e, en todo caso, os postos de nova creación integraranse na oferta de emprego público da Xunta de Galicia ou nos sistemas de provisión de postos de traballo.
2. A proposta de aprobación e modificación da relación de postos de traballo do instituto serán acordadas polo Consello Reitor, por proposta da Dirección, logo do informe favorable dos centros directivos competentes en materia de orzamentos e de función pública.
3. A aprobación da relación de postos de traballo corresponderá ao Consello da Xunta de Galicia e na súa tramitación estará sometida á normativa xeral establecida na Administración da Comunidade Autónoma de Galicia sobre estes instrumentos de planificación de persoal.

#### **Artigo 39. Selección do persoal, provisión de postos de traballo e mobilidade**

1. Os procesos de selección do persoal funcionario e/ou laboral da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia destinado no Instituto Galego do Consumo e da Competencia serán realizados polo centro directivo competente en materia de función pública e seranlles de aplicación as disposicións da lexislación galega sobre emprego público.
2. A provisión de postos de traballo e a mobilidade do persoal funcionario e laboral da Administración xeral da Comunidade Autónoma destinado no instituto someteranse ao réxime xeral previsto na normativa de emprego público.

#### **Artigo 40. Condicións de traballo e réxime retributivo**

1. A aprobación dos instrumentos polos cales se regulen as condicións de traballo do persoal destinado no instituto e o seu réxime retributivo require informe previo e favorable dos centros directivos competentes en materia de orzamentos e de función pública e deberán ser negociados previamente coas organizacións sindicais representativas no ámbito do emprego público.
2. Os conceptos retributivos do persoal funcionario do instituto son os establecidos na normativa reguladora da función pública de Galicia e dos orzamentos da Comunidade Autónoma.
3. As condicións retributivas do persoal laboral do instituto son as establecidas no convenio colectivo aplicable e no respectivo contrato de traballo.

### CAPÍTULO IV Réxime patrimonial e de contratación

#### **Artigo 41. Patrimonio**



1. O Instituto Galego do Consumo e da Competencia terá, para o cumprimento dos seus fins, un patrimonio propio, distinto do da Administración xeral da Comunidade Autónoma, integrado polo conxunto de bens e dereitos de que sexa titular.
2. Así mesmo, poderase acordar a adscrición ao instituto, para o cumprimento dos seus fins, dos bens do patrimonio da Administración xeral da Comunidade Autónoma de calquera titularidade, de conformidade co disposto na normativa reguladora do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia.

#### **Artigo 42. Bens e dereitos propios**

1. O instituto poderá adquirir toda clase de bens e dereitos por calquera dos modos admitidos no ordenamento xurídico.
2. A afectación dos bens adquiridos, así como a adquisición e o alleamento de bens inmoables ou de dereitos sobre eles, realizarase de acordo co disposto na lexislación de patrimonio da Comunidade Autónoma.

#### **Artigo 43. Bens adscritos**

A adscrición e desadscrición de bens por parte da Administración xeral da Comunidade Autónoma rexerese pola lexislación autonómica de patrimonio. Tales bens conservarán a súa cualificación e titularidade xurídica orixinaria, agás no caso dos bens patrimoniais, e corresponderalle ao instituto o exercicio das competencias que determina a lexislación de patrimonio da Comunidade Autónoma para os bens adscritos.

#### **Artigo 44. Inventario**

O Instituto Galego do Consumo e da Competencia, a través da súa dirección, formará e manterá actualizado o seu inventario de bens e dereitos, tanto propios coma adscritos.

#### **Artigo 45. Contratación**

1. A contratación do Instituto Galego do Consumo e da Competencia réxese pola normativa básica vixente en materia de contratos do sector público e polas normas de desenvolvemento aprobadas pola Comunidade Autónoma de Galicia.
2. O órgano de contratación do instituto é a Dirección, que precisará a autorización do Consello da Xunta de Galicia cando, por razón da contía, lle corresponda a este autorizar o gasto.

### CAPÍTULO V Réxime económico-financeiro, orzamentario e xurídico

#### **Artigo 46. Réxime económico**



1. Para o cumprimento dos seus fins, o Instituto Galego do Consumo e da Competencia dispoñerá dos seguintes recursos económicos:

- a) As transferencias consignadas nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.
- b) Os ingresos propios que perciban como contraprestación polas actividades que poidan realizar en virtude de contratos, convenios ou disposicións legais para outras entidades públicas ou privadas ou persoas físicas, en especial as derivadas da actuación do Laboratorio de Consumo de Galicia.
- c) O produto da alienación dos bens e valores que constitúan o seu patrimonio, de acordo co establecido na lexislación de patrimonio da Comunidade Autónoma.
- d) O rendemento procedente dos seus bens e valores.
- e) As achegas voluntarias, doazóns, herdanzas, legados e demais achegas a título gratuíto de entidades privadas e particulares.
- f) Os ingresos recibidos de persoas físicas e xurídicas como consecuencia do patrocinio de actividades ou instalacións.
- g) Os ingresos provenientes de multas e sancións.
- h) As taxas e demais ingresos de dereito público ou privado que estea autorizado a percibir.
- i) Calquera outro recurso que se lle poida atribuír.

2. Non se considerarán recursos económicos, para os efectos do número anterior, os ingresos por multas e sancións mentres non sexa firme en vía administrativa ou xurisdicional o acto de imposición, de tal xeito que as devolucións de ingresos provenientes de multas e sancións como consecuencia da revogación do acto de imposición se executarán en primeiro termo con cargo aos ingresos provenientes de multas e sancións.

## Artigo 47. Orzamento

1. O Instituto Galego do Consumo e da Competencia elaborará o seu anteproxecto de orzamento, conforme o disposto no Plan anual de actuación e coa estrutura e documentación establecida pola consellería competente en materia de facenda. Unha vez aprobado polo Consello Reitor, o anteproxecto será remitido á consellería de adscrición, que, logo do seu exame, o achegará, xunto co orzamento da propia consellería, á competente en materia de facenda para a súa integración no anteproxecto de Lei de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia.



2. O orzamento deberá estar equilibrado, terá carácter limitativo polo seu importe global e carácter estimativo para a distribución dos créditos en categorías económicas, agás os correspondentes a gastos de persoal e capital que, en todo caso, teñen carácter limitativo e vinculante pola súa contía total.

3. Correspóndelle á persoa titular da consellería competente en materia de facenda, por proposta da Dirección do instituto, a autorización das variacións da contía global do orzamento, así como as que afecten gastos de persoal e de capital. A autorización das restantes variacións que superen o inicialmente orzamentado, mesmo na contía global, cando sexan financiadas con recursos derivados das alíneas b), e), f) e g) do artigo 46.1 dos estatutos, por riba dos inicialmente orzamentados e sempre que existan garantías suficientes da súa efectividade e do correspondente equilibrio orzamentario, correspóndelle ao Consello Reitor, que deberá dar conta posteriormente á consellería competente en materia de facenda.

4. Non se poderán adquirir compromisos de gastos que se estendan máis de catro exercicios, e o gasto que se lle impute a cada un deles non poderá exceder a cantidade que resulte de lle aplicar ao importe total de cada programa, excluídos o capítulo de persoal e os restantes créditos que teñan carácter vinculante, as seguintes porcentaxes: o 70 % no exercicio inmediato seguinte, o 60 % no segundo e o 50 % nos exercicios terceiro e cuarto.

5. En casos especialmente xustificados, o Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de facenda, poderá modificar as porcentaxes e os importes anteriores, así como modificar o número de anualidades.

6. A Dirección do instituto poderá acordar incorporar o remanente de tesouraría non afectado ao orzamento do exercicio seguinte, logo do informe preceptivo e vinculante do centro directivo da Comunidade Autónoma competente en materia de orzamentos. Do dito acordo daráselle conta á Comisión de Control.

7. Os déficits derivados do incumprimento das estimacións de ingresos anuais compensaranse na forma prevista no contrato de xestión.

## **Artigo 48. Contabilidade**

O réxime de contabilidade será o establecido na lexislación de réxime financeiro e orzamentario de Galicia. O instituto deberá aplicar os principios contables que lle correspondan, para o cal contará cun sistema de información económico-financeiro e orzamentario que teña por obxecto mostrar, a través de estados e informes, a imaxe do patrimonio, da situación financeira, dos resultados e da execución do orzamento, e que proporcione información dos custos sobre a súa actividade que sexa suficiente para unha correcta e eficiente adopción de decisións.

## **Artigo 49. Control da xestión económico-financeira**

1. O control externo da xestión económico-financeira do instituto correspóndelle ao Consello de Contas de Galicia, de acordo coa súa normativa específica.



2. O control interno da actividade económico-financieira do instituto correspóndelle á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e realizárase de acordo co disposto na lexislación de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

## Artigo 50. Asistencia xurídica e defensa letrada

A asistencia xurídica e a defensa letrada do Instituto Galego do Consumo e da Competencia corresponden á Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia.

### CAPÍTULO VI Plan de acción anual e control de eficacia

## Artigo 51. Plan de acción anual

1. O Plan de acción anual comprenderá a previsión da actividade do instituto para o exercicio seguinte, a definición dos obxectivos que se teñen que conseguir, a previsión dos resultados que se pretenden obter e os instrumentos de seguimento, control e avaliación a que se ten que someter a actividade do instituto.

2. O Plan de acción anual recollerá os recursos persoais, materiais e orzamentarios precisos para a consecución dos obxectivos e resultados fixados.

## Artigo 52. Control de eficacia

O instituto estará sometido a un control de eficacia que será exercido, a través do seguimento do Plan anual de actuación, pola consellería de adscrición e polo órgano con competencias en avaliación e reforma administrativa. Este control ten por finalidade comprobar o grao de cumprimento dos obxectivos e a adecuada utilización dos recursos asignados.

### CAPÍTULO VII Modificación de estatutos e extinción do Instituto Galego do Consumo e da Competencia

## Artigo 53. Modificación de estatutos

A modificación dos estatutos do Instituto Galego do Consumo e da Competencia levarase a cabo mediante decreto do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería de adscrición, logo de informe favorable das consellerías competentes en materia de administracións públicas e de facenda e de audiencia das organizacións sindicais representativas no ámbito da función pública, cando a modificación proposta afecte os contidos incluídos dentro do ámbito das materias enunciadas no artigo 37 do Estatuto básico do emprego público.

## Artigo 54. Extinción do Instituto Galego do Consumo e da Competencia



A extinción do Instituto Galego do Consumo e da Competencia levarase a cabo mediante decreto do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería de adscrición, logo do informe favorable das consellerías competentes en materia de administracións públicas e de facenda. O dito decreto determinará o destino dos bens, dereitos e obrigas do instituto, así como as medidas aplicables ao persoal empregado do organismo no marco da lexislación reguladora de cada tipo de persoal.

